Rúbrica do reto: Que fixo por nós a poboación romana?

Esta rúbrica axudará a guiar a avaliación e proporcionará unha retroalimentación clara para os estudantes, destacando os aspectos nos que fixeron un bo traballo e aqueles nos que poden mellorar:

Criterios	Necesita mellora (1-4)	Aceptable (6-5)	Notable (8-7)	Excelente (9-10)
Contido (25%)	A investigación é insuficiente, con pouca precisión e escasa relevancia. Non se evidencia o uso de fontes confiables.	A información é básica e algunhas partes son imprecisas ou incompletas. Consultáronse poucas fontes.	A información é precisa e relevante, aínda que falta maior detalle ou consulta de fontes variadas.	A información é precisa, detallada e relevante. Consultáronse múltiples fontes confiables e actualizadas.
Análise histórica (25%)	Non se mostran conexións claras entre o pasado romano e a actualidade ou estas son incorrectas ou moi básicas.	A análise é superficial, con algunhas conexións relevantes, pero necesítanse máis explicacións e exemplos concretos.	Boa análise e relacións co presente, aínda que algunhas conexións poderían profundarse máis.	Excelente capacidade para relacionar o legado romano coa actualidade. Preséntanse conexións profundas e orixinais.
Reflexión crítica (15%)	Reflexión pouco ou nada relevante.	Reflexión básica, con pouca profundidade.	Reflexión ben formulada pero pouco profunda.	Reflexión moi profunda e ben argumentada.
Presentación oral , audiovisual ou artística (15%)	A presentación é pobre en creatividade e recursos visuais/audiovisuais. Non capta a atención ou non reforza o contido.	A presentación é funcional, pero carece de orixinalidade. Os recursos visuais/audiovisuais son básicos.	A presentación é creativa e utiliza algúns recursos visuais ou audiovisuais que reforzan a mensaxe de maneira adecuada.	A presentación é moi orixinal e creativa. Utilízanse recursos visuais/audiovisuais que reforzan a mensaxe de forma excelente.
Uso de recursos visuais (10%)	Non usa ou usa recursos mal integrados.	Usa recursos visuais sinxelos e básicos.	Recursos visuais ben usados e relevantes.	Recursos creativos e ben integrados na presentación.
Traballo grupal e participación e colaboración individual no Grupo (10%)	O equipo non traballou de maneira efectiva, con desequilibrios notables na participación ou falta de colaboración. Non participa nin colabora co grupo de forma efectiva.	Nótase certa desorganización ou falta de equidade na repartición de tarefas, pero logrouse completar o traballo. Participa ocasionalmente e colabora mínimamente co grupo.	O equipo traballou ben en xeral, aínda que algúns membros participaron máis que outros. Participa e colabora co grupo, pero con menor frecuencia ou intensidade.	O equipo traballou de maneira colaborativa, repartindo tarefas equitativamente. Todos os membros contribuíron de forma destacada. Participa activamente e colabora de forma efectiva co grupo, contribuíndo de maneira significativa á actividade.

Este Reto debe fomentar o pensamento crítico sobre a situación do patrimonio cultural, material e inmaterial, no que se basa a nosa Cultura Occidental, non só levando a cabo unha investigación sobre un monumento ou lei, senón tamén valorando as medidas levadas a cabo para intentar protexelo, coidalo e preservalo para xeracións futuras, polo menos no tocante á nosa responsabilidade como cidadáns de Galicia, España e a Unión Europea.

É importante valorar tanto os contidos históricos e técnicos, pero tamén a presentación visual e a capacidade de argumentación dos estudantes. Esta rúbrica permitirá avaliar tanto o traballo e a participación do alumnado e a súa colaboración no Reto deste REA.

"Rubrica do reto: Que fixo por nós a poboación romana?", do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0